

**O resultado neto alcanza 888 millóns de euros,
un 3% superior ao do mesmo trimestre de 2006**

Tradución do orixinal en castelán. No caso de calquera discrepancia, prevalecerá a versión en castelán.

Cifras non auditadas (NIIF)

RESULTADOS DO PRIMEIRO TRIMESTRE 2007	1T06	4T06	1T07	% Variación 1T07/1T06
---------------------------------------	------	------	------	--------------------------

RESULTADO CONTÁBEL (Millóns de euros)

RESULTADO DAS OPERACIÓNS	1.604	845	1.407	-12,3
RESULTADO NETO	862	473	888	3,0

INDICADORES PROFORMA (Millóns de euros)

RESULTADO OPERATIVO AXUSTADO	1.584	974	1.409	-11,0
RESULTADO NETO AXUSTADO	844	547	838	-0,7

BENEFICIO POR ACCIÓN

Euros por acción	0,71	0,39	0,73	3,0
Dólares por acción	0,86	0,51	0,97	12,8

DATOS MÁIS RELEVANTES DO PRIMEIRO TRIMESTRE DE 2007

- **O resultado neto** do trimestre alcanzou 888 millóns de euros, un 3,0% superior ao do mesmo trimestre do ano anterior. Este resultado é consecuencia dunha melloría de todos os negocios con excepción do de Exploración e Producción que se viu penalizado pola caída dos prezos e pola debilidade do dólar.
- **O resultado das operacións** alcanzou 1.407 millóns de euros o que supón unha diminución de 197 millóns de euros fronte ao primeiro trimestre de 2006. As razóns deste menor resultado son: a revalorización do euro fronte ao dólar, a caída do prezo do cru, que na súa calidade Brent pasou de 61,79 \$/bbl a 57,76 \$/bbl, e a variación do valor das existencias. Estes efectos negativos víronse compensados, parcialmente, por unhas maiores marxes de refino, de márketing, de GLP e de gas natural, así como da petroquímica.
- O pasado 9 de maio celebrouse a **Xunta Xeral de Accionistas** na que se aprobaron todos os puntos da orde do día sometidos a votación. Neste sentido, aprobouse o pagamento dun dividendo complementario de 0,36 euros brutos por acción, polo que o dividendo correspondente ao exercicio 2006 foi de 0,72 euros brutos por acción, que supón un incremento do 20% con respecto ao dividendo aboado no exercicio anterior. Así mesmo, foron nomeados D. Luis Carlos Croissier Batista e D. Ángel Durández Adeva como conselleiros independentes polo que o número de conselleiros pasou de 14 a 16 membros.

1.- ANÁLISE DO RESULTADO CONSOLIDADO

O resultado das operacións alcanzou 1.407 millóns de euros o que supón unha diminución de 197 millóns de euros fronte ao primeiro trimestre de 2006. As principais razóns deste menor resultado son:

- A revalorización do euro fronte ao dólar, que pasou de 1,201 \$/euro no primeiro trimestre de 2006 a 1,311 \$/euro no primeiro trimestre de 2007, o que supón un impacto negativo, neste trimestre de 105 millóns de euros.
- A caída do prezo do cru, que na súa calidade Brent pasou de 61,79 \$/bbl no primeiro trimestre de 2006 a 57,76 \$/bbl no primeiro trimestre de 2007, que impacta negativamente neste trimestre en 117 millóns de euros.
- Os diferenciais no custo de vendas a prezos de reposición (CCS) e o sistema MIFO, xeran un efecto negativo de 214 millóns de euros na comparación co ano 2006.

Estes efectos negativos víronse compensados por unhas maiores marxes de refino, márketing, GLP e gas natural así como da petroquímica.

Na área de refino e márketing, o indicador de marxe de refino da compañía no primeiro trimestre de 2007 alcanzou 7,3 \$/bbl, sensibelmente superior aos 5,7\$/bbl do primeiro trimestre de 2006. Este efecto mellorou o resultado en aproximadamente 140 millóns de euros. En márketing, tanto en España coma en Arxentina, as marxes de comercialización foron superiores ás do mesmo período do ano anterior.

A actividade química caracterizouse por unhas mellores marxes na química básica debidas aos altos prezos das olefinas, o que contribuíu a que o resultado das operacións mellorara en 49 millóns de euros.

Por último, a área de gas e electricidade reflicte o comportamento favorábel da actividade de comercialización de gas en España.

O **EBITDA** ascendeu a 2.036 millóns de euros un 13,5% inferior ao do primeiro trimestre de 2006. O beneficio por acción alcanzou 0,73 euros no primeiro trimestre de 2007 fronte aos 0,71 euros no mesmo período do ano 2006. En dólares o beneficio neto por acción neste trimestre alcanzou 0,97 \$, un 12,8% superior ao do mesmo trimestre de 2006.

O **resultado neto** alcanzou 888 millóns de euros no trimestre. Este importe, que mellora nun 3,0% o do primeiro trimestre de 2006, viuse afectado por uns resultados financeiros positivos de 10 millóns de euros e por unha menor taxa fiscal no trimestre do 36,9% fronte ao 42% do mesmo período do ano anterior.

2.- ANÁLISE DE RESULTADOS POR ACTIVIDADES

2.1. - EXPLORACIÓN E PRODUCCIÓN

Cifras non auditadas (NIIF)

	1T06	4T06	1T07	% Variación 1T07/1T06
RESULTADO DAS OPERACIÓNS (Millóns de euros)	916	396	625	-31,8
RESULTADO DAS OPERACIÓNS AXUSTADO (Millóns de euros)	919	575	625	-32,0
PRODUCCIÓN CRU E LÍQUIDOS (Miles de bep/d)	533,7	515,9	511,6	-4,1
PRODUCCIÓN GAS (*) (Millóns scf/d)	3.349	3.286	3.217	-4,0
PRODUCCIÓN TOTAL (Miles de bep/d)	1.130,2	1.101,1	1.084,5	-4,0
INVESTIMENTOS (Millóns de euros)	475	676	1.048	120,6
AMORTIZACIÓN DE EXPLORACIÓN (Millóns de euros)	86	168	102	18,6

	1T06	4T06	1T07	% Variación 1T07/1T06
PREZOS DE REALIZACIÓN				
Brent (\$/Bbl)	61,79	59,68	57,76	-6,5
WTI (\$/Bbl)	63,47	62,92	58,27	-8,2
LÍQUIDOS(\$/Bbl)	42,87	42,33	41,09	-4,2
GAS (\$/Miles scf)	2,07	2,46	2,53	22,2

1.000 Mcf/d =28,32 Mm³/d =17,809 Mbep/d

O **resultado das operacións** no primeiro trimestre de 2007 ascendeu 625 millóns de euros. A análise da variación do resultado é mais clara illando Venezuela dado que os menores volumes de produción pola migración a Empresas Mixtas se compensaron cos maiores prezos, todo iso supuxo un impacto negativo de 5 millóns de euros respecto do primeiro trimestre de 2006.

Sen Venezuela, o descenso do **resultado das operacións** débese principalmente a: a diminución do prezo internacional do cru (117 millóns de euros), o incremento xeneralizado dos custos da industria (65 millóns de euros), o efecto do tipo de cambio que xa foi comentado con anterioridade (50 millóns de euros) e as maiores amortizacións (54 millóns de euros).

O prezo medio de venda da cesta de líquidos de Repsol YPF sen Venezuela foi de 40,78 \$/bbl, fronte aos 44,61 \$/bbl do mesmo trimestre do ano anterior e aos 42,06 \$/bbl do cuarto trimestre do ano 2006.

O prezo medio do gas no trimestre, sen Venezuela, situouse en 2,07 dólares por mil pés cúbicos, un 7,1% superior ao do mesmo período do ano pasado. O incremento do prezo medio débese principalmente a prezos medios de venda de gas máis altos en Trinidad e Tobago e Arxentina, que alcanzou neste trimestre 1,88 dólares por mil pés cúbicos, un 11% superior ao do mesmo período do ano anterior, se ben, se se ten en conta que unha parte do aumento dos prezos é debido aos maiores impostos á exportación de gas, principalmente a Chile, este incremento ten un impacto irrelevante no resultado.

A produción total sen Venezuela no primeiro trimestre de 2007 ascendeu a 1.041.300 barrís equivalentes ao día cun aumento do 1,0% respecto á do primeiro trimestre do ano anterior. Este aumento débese principalmente á produción do campo Albacora Leste en Brasil (19 kbep/día) e ao incremento en Trinidad e Tobago debido ao funcionamento a maior capacidade do cuarto tren de Atlantic LNG. Estes aumentos foron parcialmente compensados coa menor produción en Arxentina pola declinación dos campos, en Alxeria pola parada por mantemento de TFT e en Bolivia, pola menor demanda de gas de Brasil.



A produción de líquidos situouse en 499.700 barrís por día, o que representa un aumento do 1% respecto da produción do mesmo período do ano pasado. A produción en ABB (Arxentina-Bolivia-Brasil) alcanzou 380 kbep/día o que supón un incremento do 2,7%, como consecuencia da produción do campo Albacora Leste en Brasil, compensada en parte pola caída de produción en Arxentina do 1,7% e en Bolivia. A produción no resto do mundo foi de 120 kbep/día, un 3% inferior á do mesmo período do ano anterior debido á menor produción en Dubai, pola declinación dos campos, e en Alxeria pola parada de mantemento antes mencionada. Todo iso compensado parcialmente polos incrementos da produción en Colombia e Ecuador.

A produción de gas situouse en 3.041 Mscf/día (541.510 bep/día), un 1,0% superior á do primeiro trimestre de 2006. O aumento localizouse fundamentalmente en Trinidad e Tobago (11 kbep/día) que se compensou parcialmente coa diminución en Alxeria (4 kbep/día).

Respecto á produción en Venezuela ascendeu no trimestre a 43,2 kbep/día, fronte aos 99,0 kbep/día no mesmo período do ano anterior. Este descenso débese, fundamentalmente á migración a empresas mixtas (46,5 kbep/día) e polas limitacións nas entregas de gas a PDVSA (9,4 kbep/día).

Os investimentos do primeiro trimestre na área de Exploración e Produción alcanzaron os 1.048 millóns de euros, un 120,6% superior aos do primeiro trimestre de 2006. Este incremento débese basicamente á adquisición dun 28% de Genghis Khan no Golfo de México (EEUU) e aos maiores investimentos en desenvolvemento, así como na planta de regasificación de Canaport e no proxecto de Perú LNG. Os investimentos en desenvolvemento representaron un 36% do investimento total do trimestre e foron realizados fundamentalmente en Arxentina (49%), EEUU (15%), Trinidad e Tobago (13%), Alxeria (8%) e Ecuador (5%).

2.2. - REFINO E MÁRKETING

Cifras non auditadas (NIIF)

	1T06	4T06	1T07	% Variación 1T07/1T06
RESULTADO DAS OPERACIÓNS (Millóns de euros)	603	244	637	5,6
RESULTADO DAS OPERACIÓNS AXUSTADO (Millóns de euros)	605	281	633	4,6
VENDAS DE PRODUTOS PETROLÍFEROS (Miles de toneladas)	14.469	14.951	14.502	0,2
VENDAS DE GLP (Miles de toneladas)	1.122	955	1.058	-5,7
INVESTIMENTOS (Millóns de euros)	134	474	215	60,4

INDICADORES MARXES DE REFINO (\$/Bbl)	1T06	4T06	1T07	% Variación 1T07/1T06
España	4,61	4,39	6,54	41,9
ABB	8,42	8,65	10,11	20,1
Repsol YPF	5,70	5,69	7,28	27,7

O **resultado das operacións** ascendeu no primeiro trimestre de 2007 a 637 millóns de euros fronte aos 603 millóns de euros do mesmo período de 2006.

As causas fundamentais das variacións corresponden, en termos positivos, á mellora das marxes de refino e ao mellor comportamento do *mix* marxe-volume nas actividades de márketing e GLP e, como contrapartida, ao importante efecto patrimonial sobre os stocks e ao debilitamento do dólar fronte ao euro.

O aumento da marxe de refino en 1,6 \$/Bbl debeuse fundamentalmente á fortaleza dos *spreads* das gasolinas e supuxo un incremento do resultado de 140 millóns de euros, aproximadamente. A destilación foi similar, se ben en España foi inferior nun 3,1% como consecuencia das paradas de mantemento nas refinarias de Cartaxena e Puertollano.

Os diferenciais no custo de vendas a prezos de reposición (CCS) e o sistema MIFO, xeran un efecto negativo de 201 millóns de euros na comparación co ano 2006.

En España as marxes de combustíbeis en estacións de servizo foron superiores ás do mesmo período de 2006 e ás do trimestre anterior, de forma que o resultado das operacións mellora ao redor de 60 millóns de euros.

En ABB, as vendas de produtos claros ao márketing propio medraron un 6,6% respecto do mesmo período do ano anterior e as marxes melloraron significativamente, especialmente durante os meses de xaneiro e febreiro, como consecuencia da evolución da cotización internacional dos produtos, mellorando o resultado das operacións de márketing en aproximadamente 56 millóns de euros.

En canto ao negocio de GLP, as marxes son superiores, na maior parte dos países, ás do mesmo período de 2006 e contribuíron ao incremento do resultado das operacións, malia a baixada do 5,7% no volume de vendas. Esta diminución prodúcese na canle polo miúdo España (por retroceso do mercado e temperaturas máis suaves) e por xunto Arxentina (por menor dispoñibilidade de produto) e é compensada con incrementos en Perú (15,6%), Chile (10,5%) e Ecuador (6,6%).

Os **investimentos** na área de Refino e Márketing no primeiro trimestre de 2007 ascenderon 215 millóns de euros. Os investimentos destináronse fundamentalmente aos proxectos de refino en curso, ademais da melloras operativas e das instalacións, seguridade e ambiente, calidade de carburantes e conversión.

2.3. - QUÍMICA

Cifras non auditadas (NIIF)

	1T06	4T06	1T07	% Variación 1T07/1T06
RESULTADO DAS OPERACIÓNS (Millóns de euros)	39	145	88	125,6
RESULTADO DAS OPERACIÓNS AXUSTADO (Millóns de euros)	40	89	88	120,0
VENDAS DE PRODUTOS QUÍMICOS (Miles de toneladas)	1.168	1.149	1.147	-1,8
INVESTIMENTOS (Millóns de euros)	31	94	40	29,0

INDICADORES MARXES INTERNACIONAIS	1T06	4T06	1T07	% Variación 1T07/1T06
Cracker (Eur/ton)	438	684	557	27,1
Derivada Europa (Eur/ton)	348	347	340	-2,2
Derivada Latinoamérica (USD/ton)	238	331	351	47,7

Os indicadores representan marxes sobre materia prima, baseadas nos prezos internacionais dos produtos petroquímicos nos mercados de referencia. Estes indicadores incorporan os produtos máis significativos do portafolio químico de Repsol YPF e están ponderados segundo a capacidade nominal das plantas de produción.

O **resultado das operacións** na área química no primeiro trimestre de 2007 ascendeu 88 millóns de euros fronte aos 39 millóns de euros do mesmo período de 2006.

As causas fundamentais das variacións corresponden á mellora das marxes de Petroquímica Básica e da Derivada en Latinoamérica e aos menores custos das enerxías.

As maiores marxes internacionais de Química Básica débense aos altos prezos de etileno e propileno así como á diminución que experimentaron as cotizacións das naftas e do cru.

Respecto da Derivada en Latinoamérica, prodúcese tanto un incremento de volumes en todas as liñas de negocio como de marxes, destacando entre estas as do metanol.

Os **investimentos** do primeiro trimestre de 2007 ascenderon a 40 millóns de euros, un 29,0% superiores aos do mesmo período do ano anterior. Os principais investimentos neste trimestre son a construción dunha planta de benceno, que se porá en marcha durante 2007 cunha capacidade de 190 kt/ano, e a ampliación nun 33% da capacidade da planta de OP/SM, ambas as dúas en Tarragona.

2.4. - GAS E ELECTRICIDADE

Cifras non auditadas (NIIF)

	1T06	4T06	1T07	% Variación 1T07/1T06
RESULTADO DAS OPERACIÓNS (Millóns de euros)	141	108	149	5,7
RESULTADO DAS OPERACIÓNS AXUSTADO (Millóns de euros)	111	106	149	34,2
INVESTIMENTOS (Millóns de euros)	83	92	48	-42,2

O **resultado das operacións** no primeiro trimestre ascendeu 149 millóns de euros, fronte aos 141 millóns de euros do mesmo período do ano anterior, o que supón un incremento do 5,7%. Descontado o efecto da venda de accións de Enagás que tivo lugar no primeiro trimestre de 2006, o crecemento do resultado elévase ao 34,2%.

Os resultados medraron como reflexo do importante incremento dos resultados de Gas Natural SDG rexistrado nas áreas de comercialización e distribución de gas natural, que compensan sobradamente a diminución rexistrada na actividade de electricidade en España, que recolle a caída dos prezos do *pool* eléctrico. En particular destacan os crecementos nos resultados da actividade en Latinoamérica e de comercialización de gas natural en España.

Os resultados da distribución de gas en España aumentan conforme á retribución recoñecida a Gas Natural SDG para o exercicio 2007.

O crecemento de resultados en Latinoamérica débese fundamentalmente ao bo comportamento da distribución en Colombia. En Arxentina, oficializouse a suba de tarifas que estaba pendente dende finais de 2005. Os incrementos nos resultados son máis importantes se se ten en conta a depreciación do dólar e das moedas locais fronte a o euro.

A comercialización de gas natural en España vén reflectindo unha constante melloría, froito da liña comercial seguida pola compañía coa optimización da carteira de contratos de gas no mercado liberalizado e da política de prezos adaptada ás condicións actuais do mercado.

Os **investimentos** en Gas e Electricidade durante o primeiro trimestre de 2007 foron de 48 millóns de euros, cifra inferior á do mesmo trimestre do ano anterior. Estes investimentos dedicáronse fundamentalmente á actividade de distribución en España e aos proxectos de xeración de electricidade.

2.5 CORPORACIÓN E OUTROS

Este epígrafe recolle os gastos da Corporación e as actividades non imputados aos negocios. No primeiro trimestre de 2007 rexistrouse un resultado negativo de 92 millóns de euros en liña co primeiro trimestre de 2006.

3.- RESULTADO FINANCIERO, ENDEBEDAMENTO E INVESTIMENTOS

Cifras non auditadas (NIIF)

EVOLUCIÓN DA DÉBEDA NETA (Millóns de euros)	4T06	1T07	% Variación 1T07/4T06
DÉBEDA NETA AO INICIO DO PERÍODO	5.870	4.396	-25,1
EBITDA	-1.918	-2.036	6,2
VARIACIÓN FONDO DE MANOBRA COMERCIAL	-968	16	-
INVESTIMENTOS (1)	1.410	1.250	-11,3
DESINVESTIMENTOS	-252	-39	-84,5
DIVIDENDOS (incluíndo os das sociedades afiliadas)	28	452	1.514,3
EFFECTOS TIPO DE CAMBIO (2)	-182	-53	-70,9
IMPOSTOS PAGADOS	334	355	6,3
OUTROS MOVEMENTOS	74	85	14,9
DÉBEDA NETA AO PECHE DO PERÍODO	4.396	4.426	0,7
DÉBEDA NETA + PREFERENTES AO PECHE DO PERÍODO	7.841	7.924	1,1
Proporción de endebedamento			
CAPITAL EMPREGADO (millóns de euros)	25.883	26.755	3,4
DÉBEDA NETA/ CAPITAL EMPREGADO (%)	17,0	16,5	-2,9
DÉBEDA NETA + PREFERENTES / CAPITAL EMPREGADO (%)	30,3	29,6	-2,3

(1) Adicionalmente, existen investimentos de carácter financeiro por 127 millóns de euros o que daría lugar a un investimento total de 1.377 millóns de euros (ver táboa de investimentos.)

(2) A 30 de marzo de 2007, 1 euro =1,332 dólares

A débeda neta da compañía ao final do primeiro trimestre de 2007 situouse en 4.426 millóns de euros, cun lixeiro aumento de 30 millóns de euros con respecto a decembro de 2006.

O volume de EBITDA xerado no trimestre, un 6,2% superior ao do cuarto trimestre do 2006, permitiu sobradamente financiar os investimentos do período por importe de 1.250 millóns de euros, o pagamento do dividendo a conta de 2006 por importe de 440 millóns de euros e o pagamento de dividendo a socios externos por importe de 12 millóns de euros.

A proporción de Débeda Neta sobre Capital Empregado a marzo de 2007 situouse no 16,5%, cunha diminución de 0,5 puntos porcentuais con respecto ao reportado a decembro de 2006. Tendo en conta as accións preferentes, esta proporción pasou do 30,3% en decembro de 2006 ao 29,6% a 31 de marzo de 2007.

O resultado financeiro no primeiro trimestre de 2007 foi positivo en 10 millóns de euros fronte aos 119 millóns de euros de gasto financeiro rexistrados o primeiro trimestre do ano 2006. Este cambio de signo no resultado financeiro obedece fundamentalmente á reversión dos xuros de mora correspondentes a unhas provisións de carácter fiscal por un importe de 65 millóns de euros.

Cifras non auditadas (NIIF)

CARGAS FINANCEIRAS (Millóns de euros)	1T06	4T06	1T07	% Variación 1T07/1T06
XUROS NETOS	94	72	83	-11,7
RETRIBUCIÓN ACCIÓNS PREFERENTES	46	49	46	-
INTERCALARIOS, DERIVADOS E PROVISIÓNS	31	24	-26	-
DIFERENZAS DE CAMBIO	-70	-18	-65	-7,1
OUTROS (INGRESOS) / GASTOS	18	-32	-48	-
TOTAL	119	95	-10	-

4.- OUTROS EPÍGRAFES DA CONTA DE RESULTADOS

4.1. - IMPOSTO SOBRE BENEFICIOS

A taxa efectiva do imposto sobre sociedades para a totalidade do exercicio 2007 estimouse nun 40%, cifra inferior a do ano 2006 como consecuencia, fundamentalmente, da redución do tipo de gravame do Imposto de Sociedades en España e do abandono de actividades en Dubai, cuxa taxa fiscal era do 98%.

Non obstante, o tipo impositivo efectivo neste primeiro trimestre situouse no 36,9%, debido á reversión das provisións fiscais xa mencionadas. O imposto reportado neste período ascendeu a 522 millóns de euros.

4.2. - RESULTADO SOCIEDADES PARTICIPADAS

Cifras non auditadas (NIIF)

ANÁLISE DE SOCIEDADES PARTICIPADAS (Millóns de euros)	1T06	4T06	1T07	% Variación 1T07/1T06
E&P	17	9	15	-11,8
R & M	8	58	15	87,5
Química	-	-	-	-
G & E	1	-1	-	-
TOTAL	26	66	30	15,4

O resultado obtido a través de sociedades participadas minoritariamente ascendeu no primeiro trimestre de 2007 a 30 millóns de euros, fronte aos 26 millóns de euros do mesmo período do ano anterior, debido fundamentalmente á contribución de Atlantic LNG e CLH.

4.3. - SOCIOS EXTERNOS

O resultado atribuído a socios externos no primeiro trimestre de 2007 ascendeu a 37 millóns de euros, fronte a 25 millóns de euros do primeiro trimestre de 2006. Este resultado débese fundamentalmente aos mellores resultados de La Pampilla e Andina.



5.- FEITOS RELEVANTES

Dende a publicación dos resultados do cuarto trimestre de 2006 as noticias relevantes anunciadas pola compañía foron as seguintes:

Na área de Exploración e Producción, o Presidente de Repsol YPF, Antonio Brufau, e o Presidente da empresa estatal Libia de petróleos (NOC), Shokri Ghanem, anunciaron recentemente o acordo para o desenvolvemento do campo I/R, no que hai unha estimación de 1.261 millóns de barrís de petróleo "oil in place", o que representa un dos maiores descubrimentos de petróleo realizados pola compañía na súa historia. O descubrimento deste importante campo situado nos bloques NC186 e NC115, ambos os dous participados por Repsol YPF, localízase na prolífica Conca de Murzuq, permitirá a Repsol YPF incrementar significativamente a súa produción e as súas reservas en Libia durante os próximos anos e reforzar a súa presenza no Norte de África, área que ademais de ser unha das máis rendíbeis da compañía, será unha das de maior crecemento nos próximos anos. Repsol YPF participa nos campos NC115 e NC186 que teñen unha produción total de máis de 250.000 barrís/día de cru de gran calidade e teñen unhas reservas probadas netas para Repsol YPF a 31 de marzo de 2007 de 114 millóns de barrís.

A sociedade conxunta Repsol / Gas Natural, Stream, incorporará á súa flota tres novos buques de gas natural licuado (GNL), un da Navieira Elcano e dous de Knutsen OAS. Repsol asinou a contratación dos citados tres barcos baixo a modalidade de "time charter" e incorporaranse á flota da sociedade conxunta en 2010 para o proxecto Perú LNG. Os buques terán unha capacidade nominal de 173.000 metros cúbicos de GNL cada un.

Na Corporación, o pasado mes de abril, Repsol YPF foi valorado como a mellor petroleira en Europa en materia de Responsabilidade Social Corporativa e entre as doce primeiras do continente segundo o estudo The Good Company Ranking 2007. O estudo, que está elaborado polas empresa Kirchoff Consultant e Deloitte, avalía a actuación das 120 maiores empresas do continente e deuse a coñecer durante a celebración do Foro Económico Mundial de Davos.

O pasado 9 de maio celebrouse a Xunta Xeral de Accionistas na que se aprobaron todas as propostas presentadas, entre elas, o pagamento dun dividendo complementario de 0,36 euros brutos por acción, polo que o dividendo correspondente ao exercicio 2006 foi de 0,72 euros brutos por acción, que supón un incremento do 20% con respecto ao dividendo aboado no exercicio anterior.

Así mesmo, foron nomeados D. Luis Carlos Croissier Batista e D. Ángel Durández Adeva como conselleiros independentes, polo que o número de conselleiros pasou de 14 a 16 membros. Por último, ratificáronse os nomeamentos acordados polo Consello de Administración de D. Juan Abelló Gallo, D. Luis Fernando del Rivero Asensio e D. Manuel Raventós Negra.

Madrid, 14 de maio de 2007

Relacións con Investidores

Correo electrónico: INVERSORES@repsolypf.com

Portal en Internet: www.repsolypf.com

Pº Castellana 278-280 28046

Madrid (España)

Tel.: 34 913 48 55 48

Fax: 34 913 48 87 77

TÁBOAS

RESULTADOS 1.º TRIMESTRE 2007

RESULTADOS DE REPSOL YPF AXUSTADOS POR NON RECORRENTES

Tradución do orixinal en castelán. No caso de calquera discrepancia, prevalecerá a versión en castelán.

(Millóns de euros)

(Cifras non auditadas)

Elaborado de acordo coas Normas Internacionais de Información Financeira

	PRIMEIRO TRIMESTRE 2006			XANEIRO-MARZO 2006		
	Total	Non recorrentes	Axustado	Total	Non recorrentes	Axustado
Resultado das operacións continuadas antes de cargas financeiras.....	1.604	(20)	1.584	1.604	(20)	1.584
Exploración e Produción.....	916	3	919	916	3	919
Refino e Márketing.....	603	2	605	603	2	605
Química.....	39	1	40	39	1	40
Gas natural e electricidade.....	141	(30)	111	141	(30)	111
Corporación e outros.....	(95)	4	(91)	(95)	4	(91)
Cargas financeiras.....	(119)	-	(119)	(119)	-	(119)
Resultado a.d.i. por operacións en descontinuación.....	-	-	-	-	-	-
Resultado antes de impostos e participadas.....	1.485	(20)	1.465	1.485	(20)	1.465
Imposto sobre beneficios.....	(624)	2	(622)	(624)	2	(622)
Participación en resultados d.d.i. de sd. postas en equivalencia.....	26	-	26	26	-	26
Resultado do período.....	887	(18)	869	887	(18)	869
RESULTADO ATRIBUÍBEL A:						
Socios externos.....	25	-	25	25	-	25
ACCIONISTAS DA SOCIEDADE DOMINANTE.....	862	(18)	844	862	(18)	844
	CUARTO TRIMESTRE 2006			XANEIRO-DECEMBRO 2006		
	Total	Non recorrentes	Axustado	Total	Non recorrentes	Axustado
Resultado das operacións continuadas antes de cargas financeiras.....	845	129	974	5.911	(135)	5.776
Exploración e Produción.....	396	179	575	3.286	342	3.628
Refino e Márketing.....	244	37	281	1.855	(43)	1.812
Química.....	145	(56)	89	353	(54)	299
Gas natural e electricidade.....	108	(2)	106	469	(71)	398
Corporación e outros.....	(48)	(29)	(77)	(52)	(309)	(361)
Cargas financeiras.....	(95)	-	(95)	(482)	-	(482)
Resultado a.d.i. por operacións en descontinuación.....	-	-	-	-	-	-
Resultado antes de impostos e participadas.....	750	129	879	5.429	(135)	5.294
Imposto sobre beneficios.....	(330)	(55)	(385)	(2.220)	(9)	(2.229)
Participación en resultados d.d.i. de sd. postas en equivalencia.....	66	-	66	139	-	139
Resultado do período.....	486	74	560	3.348	(144)	3.204
RESULTADO ATRIBUÍBEL A:						
Socios externos.....	13	-	13	224	(112)	112
ACCIONISTAS DA SOCIEDADE DOMINANTE.....	473	74	547	3.124	(32)	3.092
	PRIMEIRO TRIMESTRE 2007			XANEIRO-MARZO 2007		
	Total	Non recorrentes	Axustado	Total	Non recorrentes	Axustado
Resultado das operacións continuadas antes de cargas financeiras.....	1.407	2	1.407	2	1.409	
Exploración e Produción.....	625	-	625	625	-	625
Refino e Márketing.....	637	(4)	633	637	(4)	633
Química.....	88	-	88	88	-	88
Gas natural e electricidade.....	149	-	149	149	-	149
Corporación e outros.....	(92)	6	(86)	(92)	6	(86)
Cargas financeiras.....	10	(65)	(55)	10	(65)	(55)
Resultado a.d.i. por operacións en descontinuación.....	-	-	-	-	-	-
Resultado antes de impostos e participadas.....	1.417	(63)	1.354	1.417	(63)	1.354
Imposto sobre beneficios.....	(522)	18	(504)	(522)	18	(504)
Participación en resultados d.d.i. de sd. postas en equivalencia.....	30	(5)	25	30	(5)	25
Resultado do período.....	925	(50)	875	925	(50)	875

RESULTADOS DE REPSOL YPF AXUSTADOS POR NON RECORRENTES

Tradución do orixinal en castelán. No caso de calquera discrepancia, prevalecerá a versión en castelán.

(Millións de euros)

(Cifras non auditadas)

Elaborado de acordo coas Normas Internacionais de Información Financeira

	PRIMEIRO TRIMESTRE 2006			XANEIRO-MARZO 2006		
	Total	Non recorrentes	Axustado	Total	Non recorrentes	Axustado
Resultado das operacións continuadas antes de cargas financeiras.....	1.604	(20)	1.584	1.604	(20)	1.584
Exploración e Produción.....	916	3	919	916	3	919
Refino e Márketing.....	60	2	605	603	2	605
Química.....	39	1	40	39	1	40
Gas natural e electricidade.....	141	(30)	111	141	(30)	111
Corporación e outros.....	(95)	4	(91)	(95)	4	(91)
Cargas financeiras.....	(119)	-	(119)	(119)	-	(119)
Resultado a.d.i. por operacións en descontinuación.....	-	-	-	-	-	-
Resultado antes de impostos e participadas.....	1.485	(20)	1.465	1.485	(20)	1.465
Imposto sobre beneficios.....	(624)	2	(622)	(624)	2	(622)
Participación en resultados d.d.i. de sd. postas en equivalencia.....	26	-	26	26	-	26
Resultado do período.....	887	(18)	869	887	(18)	869

RESULTADO ATRIBUÍBEL A:

Socios externos.....	25	-	25	25	-	25
ACCIONISTAS DA SOCIEDADE DOMINANTE.....	862	(18)	844	862	(18)	844

	CUARTO TRIMESTRE 2006			XANEIRO-DECEMBRO 2006		
	Total	Non recorrentes	Axustado	Total	Non recorrentes	Axustado
Resultado das operacións continuadas antes de cargas financeiras.....	845	129	974	5.911	(135)	5.776
Exploración e Produción.....	396	179	575	3.286	342	3.628
Refino e Márketing.....	244	37	281	1.855	(43)	1.812
Química.....	145	(56)	89	353	(54)	299
Gas natural e electricidade.....	108	(2)	106	469	(71)	398
Corporación e outros.....	(48)	(29)	(77)	(52)	(309)	(361)
Cargas financeiras.....	(95)	-	(95)	(482)	-	(482)
Resultado a.d.i. por operacións en descontinuación.....	-	-	-	-	-	-
Resultado antes de impostos e participadas.....	750	129	879	5.429	(135)	5.294
Imposto sobre beneficios.....	(330)	(55)	(385)	(2.220)	(9)	(2.229)
Participación en resultados d.d.i. de sd. postas en equivalencia.....	66	-	66	139	-	139
Resultado do período.....	486	74	560	3.348	(144)	3.204

RESULTADO ATRIBUÍBEL A:

Socios externos.....	13	-	13	224	(112)	112
ACCIONISTAS DA SOCIEDADE DOMINANTE.....	473	74	547	3.124	(32)	3.092

	PRIMEIRO TRIMESTRE 2007			XANEIRO-MARZO 2007		
	Total	Non recorrentes	Axustado	Total	Non recorrentes	Axustado
Resultado das operacións continuadas antes de cargas financeiras.....	1.407	2	1.407	1.407	2	1.409
Exploración e Produción.....	625	-	625	625	-	625
Refino e Márketing.....	637	(4)	633	637	(4)	633
Química.....	88	-	88	88	-	88
Gas natural e electricidade.....	149	-	149	149	-	149
Corporación e outros.....	(92)	6	(86)	(92)	6	(86)
Cargas financeiras.....	10	(65)	(55)	10	(65)	(55)
Resultado a.d.i. por operacións en descontinuación.....	-	-	-	-	-	-
Resultado antes de impostos e participadas.....	1.417	(63)	1.354	1.417	(63)	1.354
Imposto sobre beneficios.....	(522)	18	(504)	(522)	18	(504)
Participación en resultados d.d.i. de sd. postas en equivalencia.....	30	(5)	25	30	(5)	25
Resultado do período.....	925	(50)	875	925	(50)	875

RESULTADO ATRIBUÍBEL A:

Socios externos.....	37	-	37	37	-	37
ACCIONISTAS DA SOCIEDADE DOMINANTE.....	888	(50)	838	888	(50)	838

ANÁLISE DOS INGRESOS POR OPERACIÓNS CONTINUADAS
ANTES DE CARGAS FINANCEIRAS DE REPSOL YPF
POR ACTIVIDADES E ÁREAS XEOGRÁFICAS

Tradución do orixinal en castelán. No caso de calquera discrepancia, prevalecerá a versión en castelán.

(Millóns de euros)

(Cifras non auditadas)

Elaborado de acordo coas Normas Internacionais de Información Financeira

	DATOS TRIMESTRAIS			XANEIRO - MARZO	
	1T06	4T06	1T07	2006	2007
Exploración e Produción.....	2.486	2.478	2.385	2.486	2.385
España.....	54	35	26	54	26
ABB.....	1.364	1.422	1.328	1.364	1.328
Resto do Mundo.....	1.068	1.021	1.031	1.068	1.031
Refino e márketing.....	11.508	8.875	10.205	11.508	10.205
España.....	8.254	5.504	6.718	8.254	6.718
ABB.....	1.873	1.811	2.020	1.873	2.020
Resto do Mundo.....	1.381	1.560	1.467	1.381	1.467
Química.....	1.125	1.096	1.179	1.125	1.179
España.....	838	828	866	838	866
ABB.....	197	200	210	197	210
Resto do Mundo.....	90	68	103	90	103
Gas natural e electricidade.....	997	841	850	997	850
Corporación e outros.....	(1.932)	(1.638)	(1.681)	(1.932)	(1.681)
TOTAL.....	14.184	11.652	12.938	14.184	12.938

ANÁLISE DO RESULTADO POR OPERACIÓNS CONTINUADAS
ANTES DE CARGAS FINANZEIRAS DE REPSOL YPF
POR ACTIVIDADES E ÁREAS XEOGRÁFICAS

Tradución do orixinal en castelán. No caso de calquera discrepancia, prevalecerá a versión en castelán.

(Millóns de euros)

(Cifras non auditadas)

Elaborado de acordo coas Normas Internacionais de Información Financeira

	DATOS TRIMESTRAIS			XANEIRO - MARZO	
	1T06	4T06	1T07	2006	2007
Exploración e Produción.....	916	396	625	916	625
España.....	15	(8)	5	15	5
ABB.....	415	74	170	415	170
Resto do Mundo.....	486	330	450	486	450
Refino e márketing.....	603	244	637	603	637
España.....	483	252	407	483	407
ABB.....	81	(24)	162	81	162
Resto do Mundo.....	39	16	68	39	68
Química.....	39	145	88	39	88
España.....	1	100	26	1	26
ABB.....	30	49	49	30	49
Resto do Mundo.....	8	(4)	13	8	13
Gas natural e electricidade.....	141	108	149	141	149
Corporación e outros.....	(95)	(48)	(92)	(95)	(92)
TOTAL.....	1.604	845	1.407	1.604	1.407

ANÁLISE DO EBITDA DE REPSOL YPF
POR ACTIVIDADES E ÁREAS XEOGRÁFICAS

Tradución do orixinal en castelán. No caso de calquera discrepancia, prevalecerá a versión en castelán.

(Millóns de euros)

(Cifras non auditadas)

Elaborado de acordo coas Normas Internacionais de Información Financeira

	DATOS TRIMESTRAIS			XANEIRO - MARZO	
	1T06	4T06	1T07	2006	2007
Exploración e Produción.....	1.400	1.240	1.115	1.400	1.115
España.....	20	-	22	20	22
ABB.....	770	624	564	770	564
Resto do Mundo.....	610	616	529	610	529
Refino e márketing.....	764	476	677	764	677
España.....	581	394	400	581	400
ABB.....	119	38	200	119	200
Resto do Mundo.....	64	44	77	64	77
Química.....	91	124	138	91	138
España.....	35	71	60	35	60
ABB.....	39	47	56	39	56
Resto do Mundo.....	17	6	22	17	22
Gas natural e electricidade.....	172	151	183	172	183
Corporación e outros.....	(73)	(73)	(77)	(73)	(77)
TOTAL.....	2.354	1.918	2.036	2.354	2.036

ANÁLISE DOS INVESTIMENTOS DE REPSOL YPF

POR ACTIVIDADES E ÁREAS XEOGRÁFICAS

Tradución do orixinal en castelán. No caso de calquera discrepancia, prevalecerá a versión en castelán.

(Millóns de euros)

(Cifras non auditadas)

Elaborado de acordo coas Normas Internacionais de Información Financeira

	DATOS TRIMESTRAIS			XANEIRO - MARZO	
	1T06	4T06	1T07	2006	2007
Exploración e Produción.....	475	676	1.048	475	1.048
España.....	1	1	1	1	1
ABB.....	218	297	227	218	227
Resto do Mundo.....	256	378	820	256	820
Refino e márketing.....	134	474	215	134	215
España.....	78	335	116	78	116
ABB.....	46	96	89	46	89
Resto do Mundo.....	10	43	10	10	10
Química.....	31	94	40	31	40
España.....	25	43	26	25	26
ABB.....	3	16	6	3	6
Resto do Mundo.....	3	35	8	3	8
Gas natural e electricidade.....	83	92	48	83	48
Corporación e outros.....	36	64	26	36	26
TOTAL.....	759	1.400	1.377	759	1.377

BALANCE DE SITUACIÓN COMPARATIVO DE REPSOL YPF

Tradución do orixinal en castelán. No caso de calquera discrepancia, prevalecerá a versión en castelán.

(Millóns de euros)

(Cifras non auditadas)

Elaborado de acordo coas Normas Internacionais de Información Financeira

	DECEMBRO	MARZO
	2006	2007
Fondo de Comercio.....	3.422	3.398
Outros activos intanxíbeis.....	1.156	1.161
Propiedades, Planta e Equipo.....	23.475	24.113
Instrumentos financeiros a longo prazo.....	1.170	1.261
Outros activos non correntes.....	903	934
Activos por impostos diferidos.....	913	891
Activos dispoñíbeis para a venda.....	249	5
Activo circulante comercial.....	11.069	11.458
Investimentos financeiros temporais e Tesouraría.....	2.844	2.759
TOTAL ACTIVO	45.201	45.980
Patrimonio neto total		
Atribuído á sociedade dominante.....	17.433	18.198
Atribuído aos socios externos.....	609	633
Provisións para riscos e gastos correntes e non correntes.....	2.957	2.918
Pasivos por impostos diferidos.....	2.707	2.667
Subvencións e ingresos que se van distribuír en varios exercic	224	239
Accións preferentes.....	3.445	3.498
Empréstitos e débedas financeiras non correntes.....	7.038	7.123
Débeda non corrente por arrendamento financeiro.....	561	558
Outras débedas non correntes.....	449	430
Empréstitos e débedas financeiras correntes.....	1.556	1.482
Acredores comerciais correntes.....	8.222	8.234
TOTAL PASIVO	45.201	45.980
INDICADORES FINANCEIROS E PROPORCIÓNS:		
DÉBEDA NETA	4.396	4.426
TOTAL CAPITAL EMPREGADO	25.883	26.755
ROACE antes de non recorrentes	13,8%	13,8%

ESTADO DE FLUXOS DE EFECTIVO
XANEIRO - MARZO 2006 e 2007

Tradución do orixinal en castelán. No caso de calquera discrepancia, prevalecerá a versión en castelán.

(Millóns de euros)
(Cifras non auditadas)

Elaborado de acordo coas Normas Internacionais de Información Financeira

	DATOS TRIMESTRAIS	
	1T06	1T07
I. FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE EXPLOTACIÓN		
Resultado antes de impostos	1.486	1.410
Axustes ao resultado:		
Socios externos	25	37
Resultado de sociedades consolidadas por postas en equivalencia	(26)	(30)
Amortizacións	733	734
Provisións operativas netas dotadas	121	(35)
Resultados en alleamento de activos non comerciais	(29)	(10)
Cargas financeiras reportadas	119	(10)
Outros axustes	(75)	(60)
EBITDA	2.354	2.036
Variación real do fondo de manobra comercial	(1.068)	(16)
Dividendos cobrados de sociedades consolidadas por posta en equivalencia	26	18
Impostos pagados	(525)	(355)
Provisións aplicadas para a súa finalidade	(111)	(39)
	676	1.644
II. FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE INVESTITAMENTO		
Investimentos en inmovilizado e sociedades:		
Activos intanxíbeis	(20)	(21)
Propiedades, Planta e Equipo	(627)	(1.173)
Adquisición de participacións en sociedades consolidadas	(22)	(2)
Outros activos non correntes	(90)	(181)
Total Investimentos	(759)	(1.377)
Desinvestimentos	84	45
	(675)	(1.332)
III. FLUXOS DE EFECTIVO DAS ACTIVIDADES DE FINANCIAMENTO		
Débeda financeira neta recibida (cancelada)	(257)	75
Cargas financeiras pagadas	(72)	(39)
Subvencións e outros pasivos non correntes cancelados e outros	78	(14)
Dividendos distribuídos	(372)	(452)
	(623)	(430)
EFFECTIVO E EQUIVALENTES AO EFFECTIVO AO INICIO DO PERÍODO	2.648	2.557
Saldo neto de fluxos de efectivo (I, II e III)	(622)	(118)
Outras variacións en efectivo e equivalentes		
Por incorporación de sociedades	(5)	-
Por tipo de cambio	(7)	(13)
EFFECTIVO E EQUIVALENTES AO EFFECTIVO AO FINAL DO PERÍODO	2.014	2.426

TÁBOAS

PRINCIPAIS MAGNITUDES FÍSICAS DO
1.º TRIMESTRE DE 2007

MAGNITUDES DE EXPLORACIÓN E PRODUCCIÓN

Tradución do orixinal en castelán. No caso de calquera discrepancia, prevalecerá a versión en castelán.

	Unidade	2006	2007	% Variación 07 / 06
		1.º Tr.	1.º Tr.	
PRODUCCIÓN DE HIDROCARBUROS	K Bep/día	1.130,2	1.084,5	-4,0
Producción de Cru e líquidos	K Bep/día	533,7	511,6	-4,1
- ABB	K Bep/día	369,6	379,7	2,7
- Resto do Mundo	K Bep/día	164,1	131,9	-19,6
Producción de Gas Natural	K Bep/día	596,5	572,9	-4,0
-ABB	K Bep/día	406,2	402,6	-0,9
- Resto do Mundo	K Bep/día	190,3	170,3	-10,5

Nota: A produción neta dos contratos de Libia e Alxeria foi axustada, para cada un dos períodos reportados, baseándose no método do interese económico co obxecto de homoxeneizar as magnitudes físicas cos datos financeiros.

MAGNITUDES DE QUÍMICA

	Unidade	2006	2007	% Variación 07 / 06
		1.º Tr.	1.º Tr.	
VENDAS PROD. PETROQUÍMICOS	Kt	1.168	1.147	-1,8
- Por tipos				
-Básicos	Kt	246	230	-6,8
-España	Kt	82	65	-21,3
-ABB	Kt	50	46	-8,2
- Resto do Mundo	Kt	114	119	4,2
-Derivados	Kt	922	917	-0,5
-España	Kt	338	325	-3,6
-ABB	Kt	120	184	53,5
- Resto do Mundo	Kt	464	408	-12,1

MAGNITUDES DE REFINO E MÁRKETING

Tradución do orixinal en castelán. No caso de calquera discrepancia, prevalecerá a versión en castelán.

	Unidade	2006	2007	%
		1.º Tr.	1.º Tr.	Variación 07 / 06
CRU PROCESADO	M tep	14,1	14,0	-0,4
-España	M tep	8,7	8,4	-3,1
-ABB	M tep	4,5	4,6	3,2
- Resto do Mundo	M tep	0,9	1,0	8,3
VENDAS DE PROD. PETROLÍFEROS	Kt	14.469	14.502	0,2
Vendas España	Kt	8.641	8.315	-3,8
-Márketing Propio	Kt	5.384	5.276	-2,0
- Produtos claros	Kt	4.383	4.356	-0,6
- Outros produtos	Kt	1.001	920	-8,1
-Resto Vendas Mercado Nacional	Kt	1.862	1.664	-10,6
- Produtos claros	Kt	1.288	1.159	-10,0
- Outros produtos	Kt	574	505	-12,0
-Exportacións	Kt	1.395	1.375	-1,4
- Produtos claros	Kt	453	497	9,7
- Outros produtos	Kt	942	878	-6,8
Vendas ABB	Kt	3.845	4.025	4,7
-Márketing Propio	K	2.449	2.59	6,0
- Produtos claros	Kt	1.977	2.107	6,6
- Outros produtos	Kt	472	490	3,8
-Resto Vendas Mercado Nacional	Kt	611	622	1,8
- Produtos claros	Kt	448	459	2,5
- Outros produtos	Kt	163	163	0,0
-Exportacións	Kt	785	806	2,7
- Produtos claros	Kt	410	299	-27,1
- Outros produtos	Kt	375	507	35,2
Vendas Resto do Mundo	Kt	1.983	2.162	9,0
-Márketing Propio	Kt	1.313	1.576	20,0
- Produtos claros	Kt	1.168	1.415	21,1
- Outros produtos	Kt	145	161	11,0
-Resto Vendas Mercado Nacional	Kt	332	329	-0,9
- Produtos claros	Kt	252	269	6,7
- Outros produtos	Kt	80	60	-25,0
-Exportacións	Kt	338	257	-24,0
- Produtos claros	Kt	102	51	-50,0
- Outros produtos	Kt	236	206	-12,7

Resto Vendas Mercado Nacional: Inclúe vendas a operadores e búnker.

Exportacións: Exprésanse dende o país de orixe.

VENDAS DE GLP	Unidade	2006	2007	%
		1.º Tr.	1.º Tr.	Variación 07 / 06
GLP comercializado	Kt	1.122	1.058	-5,7
Vendas España	Kt	627	570	-9,0
Vendas ABB	Kt	239	212	-11,0
Vendas Resto Latinoam.	Kt	186	205	10,7
Vendas Resto Mundo	Kt	71	70	-1,2